## 1. CONTEXTUALIACIÓN/XUSTIFICACIÓN

| | |
|---|---|
| TÍTULO | Proxecto de traballo e investigación "A prehistoria": Descubrindo os petroglifos |
| ÁREAS QUE SON TRABALLADAS | Linguaxes : comunicación e representación, Coñecemento de sí mesmo e iniciativa persoal e Coñecemento do contorno. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| CONTEXTO EDUCATIVO | As dúas únicas aulas de Educación Infantil do centro nas cales están escolarizados alumnos e alumnas dos treis niveis do segundo ciclo de E.I. Ámbalas dúas aulas son mixtas e contan con alumnado de 3, 4 e 5 anos de forma equilibrada en número. | NIVEL | Educación Infantli |
| | | CURSO | 3,4 e 5 anos |
| AUTORES E PROFESORADO QUE A POÑERAN EN PRÁCTICA | Mestres/titores de ambas aulas de Educación Infantil. | | |

| | | |
|---|---|---|
| TEMPORALIZACIÓN | FECHA DE INICIO | Marzo - abril de 2014 |
| | FECHA DE FIN | Xuño de 2014 |

| | |
|---|---|
| DESCRIPCIÓN DA UDI | Titulada "Os petroglifos", esta Unidade didáctica integrada, consiste na participación nunha xornada monográfica sobre a prehistoria a desenvolver no centro ó finalizar o curso coa elaboración dunha serie de productos finais socialmente relevantes. A través da posta en práctica dun proxecto de traballo o alumnado traballará coas diferentes fontes de información para chegar a respostar as preguntas que se plantexan necesarias para a elaboración de ditos productos finais. Organizados nunha gran tarefa composta por catro actvidades levaranse a cabo, enre outras:<br>• creación dunha exposición de petroglifos investigados na aula<br>• planificación e organización dunha exposición oral sobre os petroglifos o día da xornada de portas abertas.<br>• Intrepetación creativa e creación de petroglifos empregando diferentes técnicas como o land-art |
| XUSTIFICACIÓN DA UDI | Esta U.D.I. enmárcase nun proxecto común a desenvolver no centro sobre a prehistoria, como resultado do traballo do profesorado participante tanto na actividade de formación COMBAS como no seminario de proxectos de traballo, ambas dentro do Plan de Formación permanente do profesorado a desenvolver no centro.<br>Afonda empregando os proxectos de traballo no traballo de diferentes aspectos relevantes do currículum de educación Infantil. Entre outras céntrase no traballo de habilidades e destrezas encamiñadas ó desenvolvemnto da autonomía do alumnado, o desenvolvemento da capacidade creativa, a aproximación desde unha visión funcional da lecto-escritura e o desenvolvemento de habilidades e destrezas para o traballo de forma cooperativa. Todo elo baixo a temática dos petroglifos dentro dun proxecto de traballo e investigación |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| VINCULACIÓN CON OUTRAS UDI<br>( conxunto dunha programación, continuidade con outras UDI) | Esta U.D.I. na aula de E.I.2 está vinculada co proxecto de traballo sobre "como se fixo o mundo" e supón unha continuidade lóxica ó descuberto nel.<br>Así mesmo está vinculada a un proxecto de centro no que o resto de ciclos tamén contan cunha programación que xira en torno á prehistoria, cunha tarefa común para todos que é as xornadas sobre a prehistoria. |
|---|---|

## 2. DESEÑO E CONCRECIÓN CURRICULAR

| ÁREA: linguaxes comunicación e representación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES DE LOGRO |
| A) Comunicarse oralmente con distintos propósitos, diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.<br>A) Comprender a intencionalidade comunicativa dos outros. | A) Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, e para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións.<br>A) Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con interlocutores diversos. | a) Empregar a lingua oral do modo axeitado para unha comunicación positiva | CCL,<br>C SOC E CIDADÁ<br>AP AP<br>AUT INIC PERS | a1) Transmite de forma oral cun discurso ben artellado a información ós restantes equipos e ós asistentes as xornadas organizadas no centro.<br>a2) Transmite de forma oral cun discurso ben artellado os seus sentimentos, ideas e propostas ó grupo.<br>a3) Participa activamente nos diálogos de grupo/aula, respectando as quendas de palabra e aportando ideas e sentimentos. |
| B) Iniciarse na escritura de frases e textos, con finalidade comunicativa, aumentando a súa competencia progresivamente.<br>B) Colaborar en tarefas cooperativas de produción de textos tendo en conta as aportacións dos compañeiros. | B) Produción de textos informativos en soportes diversos.<br>B) Xestión do seu comportamento en función das necesidades, requerimentos e aportacións dos compañeiros do grupo. | b) Producir diferentes téxtos de forma individual ou en grupo empregando escritura convencional ou non, para transmitir información | CCL,<br>C SOC E<br>CIDADÁ,<br>AP AP,<br>AUT INIC PERS | b1) Escribe de forma individual, segundo a hipótese na que se atope, en diferentes soportes os descubrimentos feitos.<br>b2) Escribe no seu equipo, coordinándose cos outros, segundo a hipótese na que se atope, en diferentes soportes os descubrimentos feitos.<br>b3) Crea, xunto co seu equipo, o panel que conte toda a información recabada sobre seu petroglifo. |
| C)Utilizar a linguaxe prástica para comunicar, expresar, representar e crear obras que parten de contex- | C)Exploración sensorial dos elementos propostos para crear. | c) Expresarse e comunicarse usando medios, materiais e técnicas das diferentes linguaxes artísticas. | C SOC E CIDADÁ, | c1) Aporta ideas creativas no deseño dos petroglifos do equipo. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| tos reais e significativos- os petroglifos.<br>C) Avanzar no desenvolvemento da capacidade creativa nas súas creacións prásticas. | C) Exploración das posibilidades prásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes.<br>C) Potenciación da imaxinación e fantasía. | | CCEA<br>AP AP,<br>AUT E<br>INIC PER | c2) É creativo na creación con diferentes materiais, land-art, masa branca, de petroglifos.<br>C3) Representa e recrea determinados símbolos ou inconos propios dos petroglifos con diferentes técnicas prásticas e materiais. |
| D) Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos. | D) Texto expositivo e informativo.<br>D) Murais, carteis, pés de foto, listados.<br>D) Uso da escrita en situacións contextualizadas e significativas. | d) Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno e participar en situacións significativas de lecto-escritura. | CMF<br>CCL<br>AP AP,<br>AUT E<br>INIC PERSO<br>CMF | d1) Discrimina nas fontes de información escritas o que é relevante para o seu equipo segundo a pregunta a investigar.<br>d2) Pide que lle lean aquello que non entende pero no que cre que se atopa información relevante (pes de foto...) |
| E) Coñecer, empregar e valorar as TIC como ferramentas de búsqueda de información expresión. | E) Coñecementos, coidado e uso das ferramentas tecnolóxicas. | e) Empregar a linguaxe audiovisual e as T.I.C. como vehículo e expresión e comunicación. | TICD, MFS<br>AP AP<br>AUT E INIC PER | e1) Localiza nun vídeo na web do centro aqueles datos que son relevantes para a pregunta do seu equipo.<br>e2) Emprega o buscador google-imaxes, partindo desde a web, para escoller un petroglifo por equipo. |
| F) Facer uso da biblioteca, valorándoa como fonte de información e desfrute. | F) Uso da biblioteca como fonte de información e coñecemento. | f)Utilizar a biblioteca de aula e a de centro para atopar a información que nos interesa. | AP AP,<br>AUT E INIC<br>PERS, CCL | f1) Atopa nas fontes de información e na biblioteca aqueles textos e imaxes que poden servir para o proxecto a investigar. |

| ÁREA: Coñecemento de sí mesmo e iniciativa persoal | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES DE LOGRO |
| A) Avanzar na construcción do esquema corporal e a coordinación | A) Exploración do propio corpo, recoñecendo as súas característi- | a) Coordinar as súas posibilidades motrices adpatándoas ás característi- | AUT E E INIC | a1) Coordínase cos compañeiros/as do seu equipo para crear o |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| xeral.<br>A) Desenvolver accións individuais e grupais a partir da expresion corporal. | cas e posibilidades. | cas dos obxectos e á acción da vida real. | PERS,<br>CSEC | land-art do seu petroglifo . |
| B) Avanzar na formación dunha autoimaxe axustada e positiva, sendo consciente das súas posibilidades e limitacións.<br>B) Ter autonomía e acción ante o grupo, facendo aportacións. | B) Aceptación e valoración axustada súa persoa.<br>B) Adquisición de confianza nas capacidades propias. | b) Construír unha imaxe positiva, aceptar a súa identidade e manifestar confianza nas súas posibilidades e limitacións. | AUT E INIC PERS,<br>AP AP, CCL,<br>CSEC | b1) Aporta ideas e estratexias de organización interna do seu equipo..<br>b2) Defende as súas ideas ante o grupo aportando argumentos para convencer ós outros. |
| C) Ter en conta as opinións dos outros no proceso de comunicación, establecendo acordos e consensos.<br>C) Avanzar na regulación das propias emocións e sentimentos e respectar e valorar as dos demais. | C)Verbalización e expresión de sentimentos, ideas, preferencias.<br>C) Xestión do seu comportamento co grupo. | c) Identificar e manifestar os propios sentimentos e comprender os dos demáis. | CCL, AUTO E INIC PERS,<br>AP AP,<br>CMF, CSEC | c1) Escoita as opinións dos restantes membros do equipo e argumenta contra as mesmas.<br>c2 ) Chega a acordos co grupo a partir das aportacións de tódolos integrantes. |
| D) Adquirir progresivamente maior autonomía, na interacción cos compañeiros e na toma de decisións . | D) Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento.<br>D) Aceptación de compromisos, establecendo acordos en cconsideración aos outros. | d) Resolver con autonomía actividades da vida cotiá respectando as normas e asumindo responsabilidades. | CCL, CSEC,<br>AUT E INIC PERS, AP AP | d1) Asume a responsabilidade de encargado de material do equipo.<br>d2) Aporta ó equipo, segundo a estratexia acordada, para conseguir o obxectivo común.<br>d3) Fai aportacións para organizar o tempo, acordando estratexias de traballo no grupo, para a realización das actividades encomedadas ó grupo |

| ÁREA: Coñecemento do contorno | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | CCBB | INDICADORES DE LOGRO |
| A) Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións con elementos do con- | A) Interese pola exploración e clasificación de obxectos presen- | a) Explorar os elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Agrupar, clasificar e organizar estos ele- | CM, AUT E INIC PERS, | a1) Organiza o material da natureza para o land-art segundo criterios acordados no equipo. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| torno. | tes no medio. | mentos. | CMF, AP AP | a2) Organiza o material do land-art segundo os criterios dados. |
| B) Empregar o coñecemento matemático para comprender, interpretar e resolver problemas da súa vida cotiá. | B) Aproximación á cuantificación de coleccións.<br>B) Rexistro de cantidades.<br>B) Recoñecemento do número na vida diaria e a súa funcionalidade. | b) Empregar os números para contar, clasificar e ordear, aproximándose ó seu valor notacional e conceptual. | CM, CMF,<br>AP AP, AUT E INIC PERS | b1) Usa os números e a súa representación gráfica para denontar cantidade: listados de material, no dosier, mural, representación de anos...<br>b2) Usa os números e súa representación gráfica como indicador de ordinalidade nas secuencias de feitos acontecidos (secuencia da visita ó P.A.A.R.)<br>b3) Realiza cálculos matemáticos por aproximación en relación a conceptos de cantidade: onde hai máis?, cantos máis hai? Cantos menos hai? |
| C) Identificar diferentes formas xeométricas atopadas nos petroglifos así como noutros contextos. | C) Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e imaxes relacionadas coa prehistoria.<br>C) Exploración das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos. | c) Recoñecer aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, círculos, triángulos... | CM, CMF,<br>AP AP, AUT E INIC PERS | c1) Identifica o círculo, cadrado e triángulo nos petroglifos.<br>c2) Identifica liñas e puntos nos petroglifos.<br>c3) Descubre outras formas xeométricas nos petroglifos e amosa interese polas mesmas: espirais, cruces... |
| D) Avanza no dominio de concepto topolóxicos espaciais, orientándose axeitadamente en planos e gráficos. | D) Establecemento de relacións de orientación espacial, de localización, direccción, distancia e posición, respecto a obxectos e lugares.<br>D) Representación e interpretación do espacio en debuxos, fotografías, mapas. | d) Representar dun xeito elemental a situación de obxectos e deles mesmos en relación a dos demáis ou outros obxectos | CM, CMF,<br>AP AP, AUT E INIC PERS,<br>CCL | d1) Representa nun plano a localización do petroglifo elaborado con land-artt polos equipos.<br>d2) Localiza nun mapa, empregando a lectura funcional, a localización dos diferentes petroglifos descubertos.<br>d3) Plasma nun plano, a priori, os petroglifos a elaborar con land-art, indicando as súas dimensións relativas. |
| E) Orientarse temporalmente de forma axeitada tendo en conta unhas consignas dadas previamente?? | E) Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. | e) Comprender e usar nocións temporais básicas. | CM, CMF,<br>CCL, AP AP, AUT E INIC PERS | e1) Emprega reloxo como indicador do tempo que se dispón para rematar a tarefa asignada o equipo. |
| F) Coñecer as características e formas de vida doutros grupos sociais existentes ó longo da historia. | F) Recoñecemento dos cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. | f) Identificar grupos sociais do contorno e a súa organización. | CCL, CMF,<br>AP AP, AUT E INIC PERS | f1) Coñece a existencia dos grupos sociais na prehistoria e as diferencias cos actuais, sobre todo da familia.<br>f2) Coñece características básicas da vida dos grupos sociais da antigüedade a diferencia das actuais. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| G) Coñecer e respectar expresións culturais, artísticas e da historia do seu contorno máis próximo. | F) Identificación de outros modos de vida ó longo da historia.<br><br>G) Identificación dalgúns signos culturais e de identidade da sociedade na prehistoria. | g) Coñecer os aspectos culturais máis característicos do contorno. | CMF, CCL,<br><br>AP AP, AUT E INIC PERS | g1) Coñece e recoñece os petroglifos máis significativos dos traballados.<br><br>g2) Coñece quenes fixeron os petroglifos e entende que son os nosos antepasados.<br><br>g3) Comprende a finalidade comunicativa e artística dos petroglifos.<br><br>g4) Coñece a existencia dos petroglifos en todo o planeta alá onde houbo humanos, e valora a importancia dos existentes en Campo Lameiro. |

## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA. ACTIVIDADES E EXERCICIOS. METODOLOXÍA

*DESCRICIÓN DA TAREFA:*

Plantexamos levar a cabo unha tarefa que denominaremos "Participar nas xornadas monográficas sobre a prehistoria: os petroglifos", a desenvolver no centro, poñendo deste xeito o foco no producto socialmente relevante, verdadeiro axente motivante para o alumnado. Esta gran tarefa inclúe en si mesma unha serie de activadades de amplo calado, que tratadas de forma aillada poderían ser constitutivas de tarefas independentes, o ter en si mesmo unha finalidade clara e estar ecamiñadas á elaboración de pequenos productos finais socialmente relevantes, que en conxunto darán forma á nosa aportación a esas xornadas de portas abertas organizadas no centro.

Os proxectos de traballo, o traballo a través de equipos cooperativos xunto a principios de aprendizaxes desde un enfoque constructivista, son os eixos metodolóxicos nos que se fundamenta a posta en práctica desta U.D.I., traballando de forma globalizada as tres áreas da etapa, partindo sempre dun principio fundamental que é o respecto polo ritmo madurativo e evolutivo do alumando.

| ACTIVIDADES | EXERCICIOS | |
|---|---|---|
| *ACTIVIDADE 1:*<br><br>*Investigación sobre os petroglifos e outros aspectos da prehistoria.* | *Exercicio 1.1.*<br><br>*Grabación de videos cos coñecementos previos: qué son os petroglifos?* | *Exercicio 1.2.*<br><br>*Interpretar a partir de imaxes de petrogifos, qué son, para qué? Diálogo en gran grupo.* |
| | *Exercicio 1.3.* | *Exercicio 1.4.* |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | |
|---|---|---|
| | *Repartir as preguntas por equipos e buscar as respostas nas fontes de información. Plasmalo no mural.* | *Cada equipo explica aos restantes compañeiros, os seus descubrimentos e respostas ás preguntas.* |
| | *Exercicio 1.5.*<br>*Elaborar o dossier da investigación.* | *Exercicio 1.6.*<br>*Visita ao parque arqueolóxico.* |

| ***METODOLOXÍA*** | | | |
|---|---|---|---|
| *ESCENARIOS* | *AGRUPAMENTOS* | *TEMPORALIZACIÓN* | *RECURSOS* |
| *Exercicio 1.1. Sala de Usos múltiples*<br>*Exer. 1.2., 1.3, 1.4., 1.5.- Aulas de Educ Infantil*<br>*Exer. 1.5. Parque arqueolóxico Campo Lameiro.* | *Parellas (grabacións,).*<br>*Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *Última semana de abril e 2 semanas de maio aproximadamente.* | MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, monitores parque arqueolóxico.<br>DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, impresora. |
| *MODELOS DE ENSINANZA* | | *PROCESOS COGNITIVOS* | *PERSOAL IMPLICADO* |
| Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados. | | Pensamento reflexivo, analítico, crítico, deliberativo, lóxico. | Mestres titores e mestres especialistas, compañeiros do centro, monitores e persoal do parque arqueolóxico, familias (na búsqueda de información). |

| ACTIVIDADES | EXERCICIOS | |
|---|---|---|
| *ACTIVIDADE 2:*<br>*Creación dunha exposición informativa sobre os petroglifos.* | *Exercicio 2.1.*<br>*Escoller os petroglifos máis significativos dos descubertos na investigación.* | *Exercicio 2.2.*<br>*Buscar unha localización para a exposición, organizando os paneis,* |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | |
|---|---|---|
| | | *medindo espazos, decidindo unha orde lóxica.* |
| | *Exercicio 2.3.*<br>*Elaboración dun panel explicativo para cada petroglifo, incluíndo localización nun mapa e código QR.* | |

| ***METODOLOXÍA*** | | | |
|---|---|---|---|
| *ESCENARIOS* | *AGRUPAMENTOS* | *TEMPORALIZACIÓN* | *RECURSOS* |
| *Exercicio 2.1, 2.3: Aulas de Educación Infantil*<br>*Exer. 2.2.: Corredoiro do centro, aulas Educ Infantil.* | *Gran grupo (por aula e coas dúas xuntas).*<br>*Equipos cooperativos establecidos en cada aula.* | *2 últimas semanas de maio aprox.* | MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio.<br>DIXITAIS: Cámara de fotos, ordenador, impresora, proxector e pizarra dixital. |
| *MODELOS DE ENSINANZA* | | *PROCESOS COGNITIVOS* | *PERSOAL IMPLICADO* |
| Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados. | | Pensamento reflexivo, analítico, deliberativo, práctico, lóxico. | Mestres titores e mestres especialistas. |

| ACTIVIDADES | EXERCICIOS | |
|---|---|---|
| *ACTIVIDADE 3:*<br>*Reprodución de petroglifos en volume para completar a exposición informativa.* | *Exercicio 3.1.*<br>*Reproducir os petroglifos explicados en cada panel, empregando masa branca.* | *Exercicio 3.2.*<br>*Crear unha reprodución calcando sobre papel a silueta que deixa o* |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | *petroglifo.* |
| | | *Exercicio 3.3.*<br>*Crear selos coa forma dos petroglifos.* | |
| ***METODOLOXÍA*** | | | |
| *ESCENARIOS* | *AGRUPAMENTOS* | *TEMPORALIZACIÓN* | *RECURSOS* |
| *Exercicio 3.1., 3.2., 3.3. : aulas de Educación Infantil.* | *Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Individual.* | *Desenvolverase de xeito paralelo á actividade 2.* | MATERIAIS: fotografías, papel, cartulinas, material funxible, masa branca para modelar.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil.<br>DIXITAIS: Cámara de fotos, ordenador. |
| *MODELOS DE ENSINANZA* | | *PROCESOS COGNITIVOS* | *PERSOAL IMPLICADO* |
| Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados. | | Pensamento creativo, práctico, reflexivo. | Mestres titores e especialistas de apoio. |

| ACTIVIDADES | EXERCICIOS | |
|---|---|---|
| *ACTIVIDADE 4:*<br>*Invención e representación de petroglifos.* | *Exercicio 4.1.*<br>*Representación de petroglifos inventados, empregando diferentes técnicas prásticas creando diferentes bocetos.* | *Exercicio 4.2.*<br>*Deseñar, facer lista de materiais e decidir ónde facer un petroglifo con land-art.* |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | |
|---|---|---|
| | *Exercicio 4.3.*<br>*Crear petroglifos con land-art.* | *Exercicio 4.4.*<br>*Escoller por votación un dos petroglifos inventados para representalo co corpo. Contar os votos, escribir o número,..* |
| | *Exercicio 4.5.*<br>*Representar petroglifo xigante co corpo.* | |

| ***METODOLOXÍA*** | | | |
|---|---|---|---|
| *ESCENARIOS* | *AGRUPAMENTOS* | *TEMPORALIZACIÓN* | *RECURSOS* |
| *Exercicio 4.1., 4.2., 4.4.: aulas de Educ Infantil.*<br>*Exer. 4.3., 4.5. Zona exterior do colexio: patio, parque, campo.* | *Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *Levarase a cabo de xeito paralelo á actividade 3 e no mes de xuño.* | MATERIAIS: papel, material funxible, material da naturez, de refugallo.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, o propio corpo.<br>DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, proxector e pizarra dixital. |
| *MODELOS DE ENSINANZA* | | *PROCESOS COGNITIVOS* | *PERSOAL IMPLICADO* |
| Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados. | | Pensamento creativo, reflexivo, práctico, deliberativo, lóxico, crítico. | Mestre titores e mestres especialistas de apoio. |

| ACTIVIDADES | EXERCICIOS | |
|---|---|---|
| *ACTIVIDADE 5:* | *Exercicio 5.1.* | *Exercicio 5.2.* |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | |
|---|---|---|
| *Exposición oral para os restantes compañeiros/as do centro e familias sobre os petroglifos.* | *Diálogo para acordar cómo imos a contar os descubrimentos, cántos, de qué xeito, qué diremos...* | *Creación das láminas que proxectaremos coa exposición.* |
| | *Exercicio 5.3.*<br>*Acordo e elaboración do guión.* | *Exercicio 5.4.*<br>*Exposición oral ante as familias e compañeiros/as.* |

| ***METODOLOXÍA*** | | | |
|---|---|---|---|
| *ESCENARIOS* | *AGRUPAMENTOS* | *TEMPORALIZACIÓN* | *RECURSOS* |
| *Exercicio 5.1., 5.2., 5.3.: Aula de Educación Infantil.*<br>*Exer. 5.4. Sala de Usos múltiples, corredoiros.* | *Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.*<br>*Parellas.* | *Dúas últimas semanas de xuño.*<br>*Xornada de portas abertas día 19 de xuño.* | MATERIAIS: papel, material funxible.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, familias.<br>DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de videos, programas e aplicacións informáticas, proxector e pizarra dixital. |

| *MODELOS DE ENSINANZA* | *PROCESOS COGNITIVOS* | *PERSOAL IMPLICADO* |
|---|---|---|
| Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados. | Pensamento reflexivo, lóxico, crítico, deliberativo, práctico, creativo. | A totalidade dos docentes do centro, compañeiros/as, familias. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## 3.1 MAPA CONCEPTUAL DE RELACIÓNS ENTRE O PRODUCTO FINAL E AS TAREFAS- ACTIVIDADES-EXERCICIOS

**TAREFA**

**Participación nas xornadas sobre a prehistoria no centro.**

Elaboración dos productos finais do proxecto

**ACTIVIDADE 1:** Investigación sobre os petroglifos e outros aspectos da prehistoria

- **EXERCICIO 1:** Gravación de vídeos cos coñecementos previos: que son os petroglifos?
- **EXERCICIO 2:** Interpretar a partir de imaxes de petroglifos, que son?, para que?.. Diálogo en gran grupo..
- **EXERCICIO 3:** Repartir as preguntas por equipos e buscar as respostas nas fontes de información. Plasmalo no mural
- **EXERCICIO 4:** Cada equipo explica ós restantes compañeiros, os seus descubrimentos e respostas ás preguntas
- **EXERCICIO 5:** Elaborar o dossier da investigación
- **EXERCICIO 6:** Visita ó parque arqueolóxico

**ACTIVIDADE 2:** Creación dunha exposición informativa sobre os petroglifos

- **EXERCICIO 1:** Escoller os petroglifos máis significativos dos descubertos na investigación.
- **EXERCICIO 2:** Buscar unha localización para a exposición, organizando os paneis, medindo espazos, decidindo unha orde lóxica...
- **EXERCICIO 3:** Elaboración dun panel explicativo para cada petroglifo, incluíndo localización nun mapa e código QR.

**ACTIVIDADE 3:** Reprodución de petroglifos en volume para completar a exposición informativa

- **EXERCICIO 1:** Reproducir empregando masa branca os petroglifos explicados en cada panel, como complemento deste, empregando as ferramentas e técnica alí explicadas.
- **EXERCICIO 2:** Crear unha reprodución "calcando" sobre papel a silueta que deixa o petroglifo para engadir ambos xunto a cada panel na exposición.
- **EXERCICIO 3:** Crear selos para regalar ás outras aulas

**ACTIVIDADE 4:**

Invención e representación de petroglifos

- **EXERCICIO 1:** Representación de petroglifos inventados empregando diferentes técnicas plásticas, creando diferentes bocetos
- **EXERCICIO 2:** Por equipos, deseñar, facer lista de materiais e decidir onde facer un petroglifo con land-art.
- **EXERCICIO 3:** Crear petroglifos con land-art
- **EXERCICIO 4:** Escoller por votación un dos petroglifos inventados para representalo en grande co corpo. Contar os votos, escribir o número....
- **EXERCICIO 5:** Representar petroglifo xigante co corpo

**ACTIVIDADE 5:**

Exposición oral para os restantes compañeiros/as e familias do centro sobre os petroglifos

- **EXERCICIO 1:** Diálogo para acordar como imos a contar os decubirmentos, cantos, de que xeito, cos vídeos de coñecementos previos, que diremos?...
- **EXERCICIO 2:** Creación das láminas que proxectaremos coa exposición
- **EXERCICIO 3:** Acordo e elaboración do guión para a exposición oral ante os restantes compañeiros/as.
- **EXERCICIO 4:** Exposición oral ante as famlias e compañeiros/as



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## 4. AVALIACIÓN:

**Estas rúbricas serán empregadas para os tres niveis (idades) de cada aula interpretando <u>tódolos criterios e indicadores en base ó ritmo madurativo do alumnado agardado para a súa idade, se non se indica o contrario.</u>**

Plantexámolas polos actividade e non por área debido ó carácter globalizado desta etapa, xa que deste xeito permite unha mellor valoración da consecución dos diferentes obxectivos.

### 4.1.- Rúbrica ó final da actividade 1:

| ASPECTOS A VALORAR | INDICADORES/ COMPETENCIAS | 5<br>Moi superior ó agardado | 4<br>Acadado de forma notable | 3<br>Acadado | 2<br>acadado de forma mínima | 1<br>en proceso | 0<br>previos mínimos (non iniciado) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Empregar a lingua oral do modo axeitado para unha comunicacón positiva | Transmite de forma oral cun discurso ben artellado a información ós restantes equipos e ós asistentes as xornadas organizadas no centro.<br><br>Participa activamente nos diálogos de grupo/aula, respectando as quendas de palabra e aportando ideas e sentidmentos. | Ten unha linguaxe oral e vocabulario moi superior ó argardado para o grupo de idade, empregando discursos altamente complexos moi superiores ó seu grupo de idade. | Ten unha linguaxe oral moi fluida e cun vocabulario altamente enriquecido.<br><br>Respecta sempre as quendas. | Ten unha linguaxe oral fluida e cun vocubalario segundo o agardado para a idade.<br><br>Respecta a menudo as quendas de palabra. | Emprega unha linguaxe oral adecuada ó agardado para a súa idade.<br><br>Respecta as quedans de palabra xeralmente, aínda que hai que recordarllo. | Ten unha linguxe non desenvolvida ou inmadura.<br><br>Cústalle respectar as quendas de palabra. | Emprega a linguaxe oral para comunicarse. |
| Producir diferentes textos de forma individual ou en grupo empregando escritura convencional ou non, para transmitir información. | Escribe de forma individual, segundo a hiótese na que se atope, en diferentes soportes os descubrimentos feitos.<br><br>Escribe no seu equipo, de forma coordinada, segundo a hipótese na que se atope, en diferentes soportes os descubrimentos feitos. | Escribe frases e textos altamente complexos, moi superiores ó agardado para a súa idade. | Escribe, segundo a súa hipótese frases complexas de forma autónoma (4-5 anos).<br><br>Escribe pequenas palabras (3 anos) | Escribe, segundo a súa hipótese, pequenas frases (4-5 anos).<br><br>Escribe o seu nome sen modelo (3 anos) | Escribe, atendendo á hipótese na que se atopa, palabras soltas, (4-5 anos).<br><br>Escribe o seu nome con modelo (3 anos) | Escribe con axuda sonora pequenas palabras (4-5 anos).<br><br>Escribe con modelo e apoio o nome propio. | Coñece o seu nome e que está formado por grafías/sons presentes noutras palabras. |
| Amosar interese polos textos escritos presentas na aula e no contorno e | Discrimina nas fontes de información escritas o que é relevante para o seu equipo segundo a pregunta a investigar. | Aporta novas informacións ás presentes nas | Discrimina exactamente a información que res- | Discrimina dentro de cada fonte de información aque- | Discrimina nas fontes aqueles que poden ser úti- | Discrimina a existencia de textos escritos na aula | Coñece a existencia de textos na |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| ASPECTOS A VALORAR | INDICADORES/ COMPETENCIAS | 5 Moi superior ó agardado | 4 Acadado de forma notable | 3 Acadado | 2 acadado de forma mínima | 1 en proceso | 0 previos mínimos (non iniciado) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
